

nesta situación, nin tampouco sobre a tramitación e efectos das peticións que a motiven.

#### Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberán observarse as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos sanitarios.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2005.

José Manuel González Álvarez  
Conselleiro de Sanidade

### ANEXO I

Centro: *Fundación Hospital Virxe da Xunqueira*.

Número de efectivos de servizos mínimos.

Categoría/servizo	Noite (das 0.00 ás 8.00 h)	Mañá	Tarde	Noite (das 22.00 ás 24.00 h)
Urxencias	1 G.P.F.	3 presenza	1 PRES+ 1 G.P.F.	1 G.P.F.
Área cirúrxica	4 G.L.	4 presenza	4 G.L.	4 G.L.
Área clínica	1 G.L.+ 1 G.P.F.	3 presenza	1 G.P.F.+ 1 G.L.	1 G.P.F.+ 1 G.L.
Servizos centrais	1 G.L.	2 presenza (*)	1 G.L.	1 G.L.
Persoal facultativo	2 G.P.F.+ 6 G.L.	12 presenza	1 PRES+ 2 G.P.F.+ 6 G.L.	2 G.P.F.+ 6 G.L.

\* O xoves 9 de xuño só hai unha presenza.

P.F.= presenza física.

G.P.F.= garda presenza física.

G.L.= garda localizada.

### **CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

*Orde do 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos deportistas galegos de alto nivel, en desenvolvemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.*

O Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes.

Na alínea «e» do artigo 3 do referido decreto, destinatarios e requisitos, establécese a necesidade de acreditar o nivel deportivo exixido na modalidade practicada, especificándose que este nivel se ten que acreditar conforme os criterios que, para estes efectos, se publiquen, unha vez consultadas as federacións deportivas galegas, por resolución da consellería competente en materia de deporte.

Publicaríase así, a Orde do 20 de xaneiro de 2004 pola que se desenvolvía o Decreto do 8 de xaneiro, establecéndose os primeiros criterios para o recoñecemento da condición de deportista galego de alto nivel.

Coa experiencia adquirida tras os anteriores procedementos de recoñecemento de deportistas, os cales rematarían coa publicación das correspondentes listas de deportistas recoñecidos como deportistas galegos de alto nivel, consultadas as federacións deportivas galegas e, a proposta da comisión galega de avaliación e seguimento dos deportistas galegos de alto nivel, creuse axeitado proceder á modificación do anexo da anterior orde de criterios, coa pretensión de gañar en homoxeneidade e cohe-

rencia vistas as exixencias e particularidades que concorren en cada deporte.

Os principais cambios afectan aos resultados obtidos en campionatos de España, aos obtidos en campionatos do Mundo no caso das probas olímpicas, e á participación nos Xogos Paralímpicos, ademais doutras matizacións no punto de aclaracións e consideracións que acompañan o cadro de criterios do anexo I.

En virtude de todo o exposto, esta consellería

#### *DISPÓN:*

Artigo único.-Regular e publicar os criterios para o recoñecemento da condición de deportista galego de alto nivel, que se indican no anexo I.

#### *Disposición derogatoria*

Queda derogada a anterior Orde do 20 de xaneiro de 2004 na que se establecían os criterios para o recoñecemento da condición de deportista galego de alto nivel.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral para o Deporte para ditar as instrucións oportunas para a correcta aplicación do contido nesta norma.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2005.

Pilar Rojo Noguera  
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte  
e Voluntariado

## ANEXO I

## Criterios para o recoñecemento da condición de deportista galego de alto nivel

		CATEGORÍA PREVIA ABSOLUTA <sup>1</sup>			CATEGORÍA ABSOLUTA <sup>2</sup>			
		CTO. ESPAÑA	CTO. EUROPA <sup>3</sup>	CTO. MUNDO	CTO. ESPAÑA	CTO. EUROPA <sup>3</sup>	CTO. MUNDO	XXOO / XXPP
<b>Probos olímpicas<sup>4</sup></b>	Individual	2º	8º	15º	2º	12º	30º	Participación
	De Equipo <sup>5</sup>		5º	8º	2º	6º	30º	Participación
<b>Probos non olímpicas de deportes olímpicos e deportes non olímpicos recoñecidos polo COI<sup>6</sup></b>	Individual	1º	5º	10º	2º	8º	14º	
	De Equipo <sup>5</sup>		4º	5º	2º	6º	8º	
<b>Deportes para practicantes con minusvalidez física, psíquica e/ou sensorial<sup>7</sup></b>	Individual					3º	12º	Participación
	De Equipo <sup>5</sup>					3º	6º	Participación
<b>Deportes non recoñecidos polo COI</b>	A Comisión de Avaliación e Seguimento dos Deportistas Galegos de Alto Nivel estudará as características deste grupo de deportes, para tomar en consideración os méritos acadados en competicións, probas ou actividades consideradas como de alto nivel, como criterio para acceder á condición de deportista galego de alto nivel.							

<sup>1</sup> Se compiten en Categoría Absoluta en Campionatos de Europa, do Mundo ou Xogos Olímpicos nas modalidades deportivas recoñecidas polo COI, o criterio de acceso á condición de deportista galego de alto nivel será o de "participación".

<sup>2</sup> Para os efectos desta orde, considerarase categoría absoluta á categoría de idade na que se desenvolve a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade ou proba.

<sup>3</sup> Será necesario unha concorrencia de máis de 15 participantes na proba; de ser 15 ou menos, haberá que obter unha das tres primeiras posicións.

<sup>4</sup> Serán aquelas incluídas no Programa Olímpico do ciclo olímpico en curso.

<sup>5</sup> Nos Xogos Deportivos Colectivos (fútbol, baloncesto...), exixirase formar parte da convocatoria dalgún partido oficial do campionato.

<sup>6</sup> Para que estes criterios sexan válidos, deberán cumprirse os seguintes requisitos en canto á participación: no Campionato de España, máis de 15 participantes na proba; no Campionato de Europa, máis de 15 participantes na proba; no Campionato do Mundo, máis de 25 participantes na proba. Nos deportes nos que exista unha fase previa de clasificación para o campionato, tamén se computarán os países participantes na dita fase.

<sup>7</sup> Só se considerarán os deportes de federacións afiliadas ao Comité Paralímpico Internacional.

## OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

a) Naqueles deportes nos que non exista cada ano unha competición internacional (Cto. de Europa ou Cto. do Mundo), como criterio, a Comisión de Avaliación e Seguimento poderá contemplar a posibilidade de incluír unha competición internacional de especial importancia, cumprindo sempre o requisito de participación mínima establecido para os Campionatos de Europa ou do Mundo, segundo sexa o caso.

b) A Comisión de Avaliación e Seguimento poderá considerar, en función da súa transcendencia internacional, unha categoría intermedia ás especificadas no cadro xeral ("Previa á Absoluta" e "Absoluta"), nas modalidades deportivas olímpicas nas que exista Cto. de Europa ou Cto. do Mundo da dita categoría, atendendo sempre aos requisitos de participación mínima establecidos.

c) En certos deportes ou modalidades deportivas o verdadeiro nivel deportivo non o refliten as competicións referidas no cadro anterior. Atendendo a esta razón, a Comisión de Avaliación e Seguimento tamén poderá considerar como criterio de acceso á condición de Deportista Galego de Alto Nivel, á marxe do reflectido no cadro xeral, a clasificación obtida noutras competicións consideradas de alto nivel, a posición do deportista no ránking oficial do seu deporte, ou a realización de actividades deportivas de alto nivel. Citanse como exemplos para considerar pola Comisión de Avaliación e Seguimento os seguintes:

- Ciclismo:
  - Tour de Francia, Giro de Italia, Volta Ciclista a España.
  - A proba en liña do Cto. do Mundo ou Xogos Olímpicos considerarase como proba de equipo, obtendo todos os corredores a clasificación do primeiro membro do equipo na chegada á meta.
- Tenis:
  - A Copa Davis e Copa Federación consideraranse como Cto. do Mundo.
  - Listas oficiais da ATP e a WTA.
  - Circuíto Internacional Júnior.
- Golf:
  - Probas do Grand Slam, Orden de Mérito do Circuíto Europeo e resultados destacables nas competicións amateur de máximo nivel.
- Vela:
  - Regatas de alto nivel de Vela de Cruceiro.
- Surf:
  - As listas oficiais do Ránking Mundial (ASP).
  - Resultados no Circuíto Europeo Profesional.
- Montañismo:
  - Grandes ascensións.
- Nos deportes colectivos con competición en sistema de liga regular (fútbol, baloncesto, etc.), a competición de maior nivel nacional (1ª División, División de Honra, etc.) equivalerá aos Ctos. de España de Categoría Absoluta.

d) Nas modalidades olímpicas nas que en categoría previa á absoluta ou intermedia non sexa posible participar nunha proba olímpica por non estar programada para as ditas categorías, poderase considerar como mérito os resultados obtidos en probas similares desde o punto de vista do modelo de rendemento.

e) A Comisión de Avaliación e Seguimento poderá considerar, en función do nivel deportivo do evento, os resultados obtidos en Xogos do Mediterráneo, Ctos. do Mundo Universitarios ou Universiadas, e sempre e cando o resultado implique acadar unha medalla.

f) Os resultados deportivos que se van valorar serán aqueles acadados a partir do 1 de xaneiro do ano anterior ao da data da solicitude de recoñecemento.

g) A Comisión de Avaliación e Seguimento resolverá todas aquelas circunstancias extraordinarias non recollidas nestes criterios de recoñecemento.

*Orde do 26 de maio de 2005 pola que se declara de interese galego e se ordena a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, da Fundación Compostela Deporte.*

Visto o expediente de recoñecemento de interese galego e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Compostela Deporte*.

Supostos de feito.

Primeiro.-A fundación solicitou a clasificación e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, por medio do escrito presentado por Manuel Portas Fernández, en calidade de representante da fundación.

Segundo.-A fundación constituíuse en escritura pública outorgada o 2 de marzo de 2005 en Santiago de Compostela ante o notario Héctor Ramiro Pardo García co número 483 do seu protocolo.

Terceiro.-A comisión integrada por todos os secretarios xerais na reunión celebrada o día 26 de abril de 2005 elevou ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública proposta de clasificación como de interese social da *Fundación Compostela Deporte*.

Cuarto.-Á vista da proposta da Comisión de Secretarios Xerais, pola orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 27 de abril de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 93, do 16 de maio), clasificouse como de interese social a *Fundación Compostela Deporte*. Tendo en conta o disposto no artigo 32.2º c) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado de fundacións de interese galego e dado o seu obxecto adscribiuse á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, en virtude do Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2004, do 23 de setembro e o Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro, que establece a estrutura orgánica da antedita consellería.

Quinto.-Segundo consta no artigo 6 dos estatutos, a fundación ten por obxecto o fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da cidade de Santiago de Compostela e a consolidación ou atracción de eventos deportivos que poidan celebrarse na dita cidade, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento á sociedade en xeral

Sexto.-Na escritura pública pola que se constituíu a fundación, nos estatutos e na demais documentación que figura no expediente, constan, entre outros, os seguintes extremos: acreditación da personalidade do fundador, dotación inicial da funda-

ción, estatutos nos que consta a denominación (*Fundación Compostela Deporte*), a composición do órgano de goberno e o réxime de adopción de acordos.

O padroado da fundación estará integrado por José Antonio Sánchez Bugallo como presidente, Manuel Portas Fernández como vicepresidente, Luis Vela Alarco, Jorge Miguel Santos López, Víctor Tobio Barreira, Ángel Remesar Zabaleta, José Antonio Bernández Fontaiña, Mario Otero Nogareda, Sergio Miguel Soriano Ruiz, Alfonso Luciano Luaces Anca, Jesús José Chenel Noya, Jesús Manuel Chenel Botana, Antonio Luis Lodeiro Raposo, Julio Vázquez Suárez, José Manuel Riba García e Juan Carlos Losada Rey como vogais.

Sétimo.-A Secretaría Xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, unha vez revisados os seus estatutos, solicitou informe da Asesoría Xurídica, conforme o disposto no artigo 32.2º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, que emitiu favorablemente con data do 24 de maio de 2005.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de acordo coa lei. O artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia atribúelle a esta comunidade autónoma competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-Conforme o artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego e o Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da agora Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, é competencia desta consellería a declaración de interese galego e a inscrición no Rexistro de Fundacións, da *Fundación Compostela Deporte*, dado o seu obxecto coincidente coas competencias desenvolvidas por aquela, asumindo as funcións que como protectorado lle corresponden á Xunta de Galicia.

Terceiro.-Ao abeiro do disposto no artigo 7.5º da Lei 7/1983, do 22 de xuño, á realización da finalidade fundacional débese destinar, cando menos, o oitenta por cento das rendas que obteña a fundación e dos outros ingresos que non formen parte da dotación da fundación.

Cuarto.-A Lei 11/1991, do 8 de novembro, da nova redacción ao artigo 21.2º da Lei 7/1983, establecendo a obriga de, por unha banda, formular e presentar o orzamento de ingresos e gastos ao protectorado con anterioridade ao inicio do exercicio económico, e, por outra banda, a de efectuar un inventario-balance, pechado na data do remate do exercicio, unha memoria das actividades realizadas durante o ano e da xestión económica do patrimonio,